



SEGURO ESCOLAR CURSO 2023/2024

ALUMNADO INFANTIL, PRIMARIA E 1º E 2º ESO



Estimados pais/nais:

Como en cursos anteriores poñémonos en contacto con vostedes para informarlos sobre o SEGURO ESCOLAR 2023/2024.

Xa saben que os alumnos/as que non se acollan ó seguro escolar; e, no caso que sufran lesións e estas se produzan durante a estancia no Colexio, os organismos sanitarios, proceden ao envío de facturas por gastos médicos e será responsabilidade dos pais reclamar á Seguridade Social ou mutua correspondente o pago das mesmas. Sen embargo, no caso de alumnos con seguro escolar, este corre con tódolos custos e será o colexio o que xestione coa mutua o pago dos mesmos. Recomendamos que tódolos alumnos se acollan a este seguro para evitar transtornos. En vista disto, neste curso desexamos, outra vez, que tódolos alumnos/as pertenzan ó Seguro Escolar para que o Colexio poda facerse cargo das xestións pertinentes.

No presente curso contratamos a póliza con UMAS (Aseguradora con máis de 40 anos de experiencia e que presta asistencia na maior parte dos centros concertados de toda España). Faise para unificar servizos, xa que o resto de coberturas do Colexio e da Congregación a nivel de todo o territorio están con esta Compañía.

No presente curso escolar teremos dúas pólizas, unha para Infantil e outra para o resto (Primaria e 1º/2º ESO)

O prezo vese diminuído de xeito considerable:

- ➔ **Infantil**: 6€/
- ➔ **Primaria e 1º/2º ESO**: 10€

O centro concertado de referencia da zona seguirá sendo a Virxe da Mariña (Burela), aínda que se podería acudir a calquera dos Centros Concertados da Provincia.

En situacións de urxencia vital tamén poderán ser atendidos no Centro Sanitario máis próximo.

Ante a importancia de que todos/as estean asegurados, a forma de pago será o cargo na conta bancaria de cada familia. **Así, se non temos noticia que nos indique o contrario, pasarase ó cobro no mes de outubro o recibo correspondente.**

No caso de que algún pai/ nai **non** se acolla ao seguro, deberá devolver cuberto o anexo desta circular a máis tardar o **xoves 28 de setembro** de 2023 e entregarllo aos seus titores, ou ben comunicalo a través do e-mail: colexiodopilar@colexiodopilarfoz.es.

Indicámoslles así mesmo que se por calquera motivo un alumno/a non se acolle ó Seguro Escolar, este Colexio non se fará cargo da asistencia médica, nin dos custos ou xestións que puidera ocasionar calquera doenza ou accidente escolar que lle ocorra. Deste xeito o Centro verase obrigado a chamar os pais /nais para que se fagan cargo do caso.

Esperando sexa do seu agrado esta información, aproveitamos para saúdalos atentamente

Foz, 21 de setembro de 2023

A DIRECCIÓN

IMPORTANTE. Se as familias **están de acordo non** fai falla mandar o adxunto **nin** comunicalo. GRAZAS

✂-----

Don/dona _____, pai/nai/titor/a do

alumno/a _____ de _____ de _____

O meu fillo/a non se acolle ó Seguro Escolar, e por conseguinte, fágome responsable da súa asistencia sanitaria en caso de doenza ou accidente durante o tempo que permaneza no Centro Escolar, tanto dos gastos ocasionados por traslado como dos derivados da súa asistencia en Centros Médicos

_____, a _____ de _____ de 2023

Asdo: _____